



Aberto o prazo de inscrición para os participantes

Ponse en marcha o “1 CONVÍVIO de Música e Danza do Carballiño” que terá lugar os días 25 e 26 abril.

Xaquín Xesteira, Felisa Segade, Davide Salvado, Xosé Lois Romero e Henrique Peón impartirán os cinco obradoiros de música e danza tradicionais, que compoñen o núcleo central do encontro.

Ademais dos cinco obradoiros, haberá outras actividades culturais como unha mesa redonda, unha exposición fotográfica ou un concerto, abertas ó público en xeral.

O encontro terá lugar en distintos espazos do entorno do Carballiño como a Casa da Cultura e a Residencia do Templo Libre, entre outros.

Carballiño, 13 de marzo de 2015. A Escola de Cultura Popular pon en marcha o “1 Convivio de Música e Danza do Carballiño” que terá lugar os días 25 e 26 de abril no Concello do Carballiño. Cinco obradoiros de música e danza tradicionais sobre gaita galega, canto, técnica vocal, percusión e baile tradicional serán o núcleo deste encontro. Ademais estarán impartidos por cinco referentes galegos en cada disciplina.

Estas Xornadas farán do Carballiño un lugar onde compartir visións sobre o noso patrimonio musical e a súa evolución, e onde mostrar as diferentes interpretacións na actualidade.

Obradoiros ofertados

Recursos Ornamentais para a Interpretación coa Gaita Galega. XAQUÍN XESTEIRA (12 horas)

Este obradoiro consistirá nun achegamento ó estilo interpretativo do mestre, así como coñecer os diferentes recursos empregados para a interpretación de melodías, así como técnicas para a afinación da gaita: puntos de vista e estratexias a seguir dependendo do emprego do instrumento.

Canto e Percusións Tradicionais. FELISA SEGADE (12 horas).

Consistirá nunha viaxe polas catro provincias, onde se aprenderán as diferentes técnicas de pandeireta, pandeira ou lata, así como cantos e características dos mesmos, propios de cada zona

Técnica Vocal e Interpretación no Canto Tradicional. DAVIDE SALVADO (12 horas).

Realizaranse exercicios de respiración, colocación corporal... para despois aplicar ao repertorio tradicional galego.

Así mesmo terán cabida tamén exercicios para traballar a interpretación teatral no canto.

Multipercusión Tradicional Galega. XOSÉ LOIS ROMERO (12 horas).

O curso pretende dar unha nova perspectiva sobre o conxunto da percusión tradicional galega, aportando novas técnicas, usos e sonoridades, e amosando de forma práctica a combinación de instrumentos, timbres e patróns con arranxos feitos ex profeso.

Terán cabida instrumentos tan diversos como: lata, pandeira, tarrañolas, sartén ou bombo con varillas entre outros.

Técnica para a Colocación Corporal do Baile Tradicional de Galiza. QUIQUE PEÓN (9 horas). Non se tratará soamente dun obradoiro de baile galego, senon que se dará especial importancia á colocación corporal. Tamén terán cabida puntos e técnicas propios de diferentes zonas galegas.

O prazo de inscrición xa está aberto para os participantes dos obradoiros, que inclúen foliada e aloxamento o sábado. Pero ademais a axenda contará con actividades para o público en xeral como unha mesa redonda, unha exposición fotográfica e un concerto. *“En definitiva, o 1 CONVÍVIO pretende ser un encontro de músicos e bailadores que queiran seguir aprendendo con grandes mestres e disfrutar de dous días intensos en torno á música e á danza”* comentan os organizadores.

O encontro terá lugar en distintos espazos do entorno do Carballiño como a Casa da Cultura, Residencia do Templo Libre, o local Bo Día Familia e o Pub Sete Flores. Xunto coa Escola de Cultura Popular, organizadora do evento, colaboran a Deputación de Ourense, O Concello do Carballiño, A Caixa Rural Galega, Asociación Cultural Os Serandeiros, Pub Sete Flores e Autocares Rodríguez.

Os obradoiros realizaranse de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas, o sábado 25; e de 10:00 a 14:00, o domingo 26.

As persoas que queiran inscribirse nalgún dos obradoiros, deberán descargar o formulario que se atopa no seguinte enlace

<https://www.dropbox.com/sh/ocgu8d3diuffjlr/AABX80A3O0A6MyHvSDZulDRma?dl=0>,

Sobre a Escola de Cultura Popular

Nace da inquietude dos membros da Asociación Cultural Os Serandeiros por seguir mantendo viva a tradición cultural no ámbito da música, a danza e a artesanía.

Así, dende hai tres anos, a Escola imparte as especialidades de: Acordeón, Baile Tradicional, Canto e Pandeirola, Encaixe de Bolillos, Gaita Galega e Percusión.

A Escola pretende, ano tras ano, chegar a todas aquelas persoas que queiran afondar na nosa tradición, ofrecendo formación continua e axeitada a tódolos niveis.

Sobre os mestres

Xaquín Xesteira

Entroncado dende neno na música tradicional, cursou estudos de gaita no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Participou como gaiteiro e percusionista en varios concertos do grupo MILLADOIRO, ROI CASAL e como solista, gaita galega e tin whistle, coa Orquestra Sinfónica da Radio Televisión Irlandesa, así como en discos de Fuxan os Ventos, Na Lúa ou Rodrigo Romaní entre outros. Na actualidade, é profesor de gaita e percusión na Escola Municipal de Música Folk e Tradicional do Concello de Vigo. É á súa vez director das seccións de gaita e percusión da Orquestra Folk de Galicia Sondeseu.





Felisa Segade

De formación autodidacta, Felisa leva dende o ano 86 adicando gran parte do seu tempo a facer recollidas de campo e posteriores estudos das mesmas.

Ten traballado e colaborado en numerosos proxectos non só no tocante ó musical, senón tamén no ámbito audiovisual e actividades escénicas . É mestra da disciplina de canto e percusión tradicional dende o ano 86 ata os nosos días. Ten impartido asimismo numerosos cursos fóra das nosas fronteiras, que van dende Barcelona a Bélxica ou Suiza .

Davide Salvado

É unha das voces máis carismáticas do noso país . Leva media vida percorrendo as aldeas galegas na procura de ritmos, coplas, danzas e vivencias. Ten formado parte de numerosos proxectos con artistas da talla de Xabier Díaz ou Kepa Junquera.

No 2011 sae á luz o disco “Árnica Pura”, producido por Eliseo Parra. Neste 2015 temos a oportunidade de escoitalo xunto a Cristina Pato, Anxo Pintos e Roberto Comesaña no traballo que ten por nome “Rústica”. Asimismo, ven de ser o gañador dos II Premios Galegos da Música na categoría de música tradicional có grupo Davide Salvado Trío, que verá pronto a luz o seu novo traballo.



Xosé Lois Romero

Percusionista, acordeonista, compositor e arreglista, formouse dende cativo na música popular galega. Desde 1995 é membro do Grupo Tradicional da AGADIC, dependente da Xunta de Galicia, e dende o 2008 é mestre de percusión tradicional na Tradescola de Lugo, dependente da Asociación de Gaiteiros Galegos.

Nestes 35 anos de vida musical, foi co-fundador da compañía Nova Galega de Danza, do trío Vaamonde, Lamas e Romero, o cuarteto aCadaCanto, co-autor da colección Pel & madeira, e ten traballado con innumerables artistas, e obras e arranxos da súa autoría forman parte dos seus repertorios, como Mercedes Peón, Kepa Junquera ou Coetus .

Henrique Peón

A súa actividade profesional céntrase na etnografía de Galicia, con especial atención á danza tradicional. Director e coreógrafo de numerosos espectáculos con GMBT Xacarandaina ou Quique Peón Cía. Bailarín e intérprete na obra de Roberto Oliván “Kiosko das almas perdidas”. Profesor de baile e música tradicional nunha das agrupacións máis prestixiosas do país, como é o Grupo de Música e Baile Tradicional Xacarandaina, que dirixe dende o ano 1981. Gravados e editados diferentes traballos discográficos, con Radio Cos, o espectáculo OVAY, ou con Xacarandaina. Ten colaborado noutros traballos con outros artistas, como Kepa Junquera. Posúe numerosos premios tanto dentro como fóra das nosas fronteiras.



Datos de contacto

Anais Barbier Obenza

tfnos: 697.912.669 – 620.804.472

correo-e: conviviomusicaedanza@gmail.com